



revista escolar
2018

IES O Ribeiro



**VIÑA
COSTEIRA**

R I B E I R O

**DENOMINACIÓN
DE ORIGEN**

www.vinoribeiro.com

Facebook: Viña Costeira

Twitter: @costeira_es

Sumario


O magosto.....	4
A Biblioteca.....	6
Educar contra a violencia de xénero.....	9
Xeométrico nadal.....	10
Día da Paz.....	11
O entroido.....	12
Día do libro.....	14
Concursos (Etiquetas, CocaCola, Atrévete a ter unha idea)	15
Actividade "Maquinillas".....	18
Orlas.....	19
Departamento de Orientación.....	33
Os nosos ciclos (CM AOV, CS V, EM V).....	34
Actividades F.O.L (Previsel e 1os auxilios).....	37
Industrias Alimentarias (e a FPB) na: 55ª Feira do viño de Ribadavia.....	39
As aventuras de FPB en Industrias Alimentarias.....	41
Excursión á Baixa Limia.....	43
Excursión ao Museo do Mar - Pergamiño Vindel.....	44
Saída a Escola de Minas.....	45
Excursión a Lugo - Teatro Clásico.....	46
Excursión-convivencia en Pontevedra.....	47
Actividades - Francés.....	48
Actividades deportivas.....	49
Letras Galegas 2018.....	53
Normalización (Letras Galegas - Día da muller - Correlingua 2018).....	55
Excursións de fin de curso.....	57
Gradación 2º de Bacharelato.....	58

Carballada de Avia, un lugar para enmarcar




O magosto

O día 7 de novembro tivo lugar no noso centro a festa do magosto deste curso, onde alumnos e alumnas, profesores e profesoras participaron na celebración que nos reuniu a todos nas instalacións deportivas que están fronte ao Instituto, no edificio O Ribeiro.



Fixo bo tempo, e todo o mundo o pasou en grande, participamos nos xogos tradicionais: saltar á corda, carreiras de sacos, o truco, o pano, os aros, os zancos, a goma, o turra-soga ..., e dimos conta dunhas estupendas castañas traídas polos rapaces e rapazas das distintas parroquias de O Ribeiro.



GOYMA

GOYMA

Papelería

- Papelería •
- Librería •
- Encuadernaciones •
- Impresión digital •
- Fotocopias •
- Trabajos de imprenta •
- Invitaciones de Boda •
- Sellos •

*Impresión digital Color y B/N
formatos hasta 33 x 48 cm
con los mejores precios del mercado*

**Telf: 988 472 4 05 Rúa do Carballiño, 48
32400 - RIBADAVIA (Ourense)**



A Biblioteca

Para celebrar o día de defuntos, o equipo de dinamización da Biblioteca organizou unha escolma de literatura de terror, acompañada con carteis que recollían portadas de diferentes obras do xénero e das personaxes máis significativas da literatura de medo.

O seguinte tema escollido para a dinamización lectora foi o de seleccionar unha serie de recomendacións de lecturas feitas por famosos, que en diferentes fichas foron distribuídas polos estantes da biblioteca.



CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS

CyC S.B. S.L.

SAN BENITO, S.L.

Teléf. (988) 48 32 32

**32213 San Benito do Rabiño
Cortegada (Orense)**

Con motivo do día da paz, a exposición organizada na biblioteca xirou sobre dous aspectos: unha escolma de poesía de temática pacifista...,



... e unha exposición de fotoxornalismo sobre conflitos actuais.



Con motivo do día da muller, e en coordinación coas compañeiras do departamento de Educación Plástica e Visual, realizouse unha exposición de retratos de autoras presentes nos fondos da biblioteca, complementada por unha selección de obras dispoñibles nos nosos fondos, e fichas coas biografías das mesmas.



Cortegada, todo o que soñas




Concello de Cortegada

Educar contra a violencia de xénero

Todos os anos o noso centro convoca un concurso de carteis sobre a violencia de xénero. O Departamento de Debuxo xa leva moitos anos facendo este traballo cos seus alumnos.

Todo comezou coa participación do centro nun concurso de carteis contra a violencia de xénero organizado polo concello de Ribadavia. Como consecuencia dos recortes nos presupostos, o concello deixou de organizalo pero o noso centro tomou a decisión de levalo ao cabo pola súa conta, considerando que é un traballo moi interesante para a formación dos nenos. Iso si, a dotación material do premio é moito mais modesta xa que o centro non ten as mesmas posibilidades económicas. O éxito da iniciativa traspasa as paredes do centro e chega ata a Igrexa da Madalena, onde son expostos os traballos do curso anterior.



Ao longo do tempo o proxecto, que culmina coa exposición dos traballos dos alumnos na entrada do Edificio O Ribeiro, foise facendo moito máis completo. Antes da realización do traballo é necesario dedicar algunhas sesións ao proceso de sensibilización co tema sobre o que van traballar. Nestas sesións de preparación previa contamos con material audiovisual moi interesante como punto de partida co fin de promover o debate para que os alumnos comprendan de xeito máis profundo as situacións de desigualdade por motivos de xénero que se producen no seu contorno e das cales, na maioría dos casos, nin son conscientes.

Unha vez terminada esta primeira fase, afrontamos o traballo con ideas previas sobre as que traballar. Aínda que tradicionalmente o traballo consistía na elaboración dun cartel contra a violencia de xénero, este ano por suxestión dos alumnos, o traballo consistiu na elaboración dunha curtametraxe. O traballo realizado completouse cunha imaxe fixa sobre a que traballaron. Tratábase de elixir una palabra relacionada coa violencia de xénero e representala de tal xeito que a imaxe da palabra estivese relacionada co contido que transmite.

Ao rematar o traballo, o conxunto das palabras foi exposto no recibidor do centro e as curtametraxes foron vistas por todos os alumnos, que votaron para elixir o mellor traballo.



Xeométrico Nadal

No edificio Ribeiro...

No Nadal o Departamento de Debuxo proponlles aos seus alumnos unha actividade que remata coa realización dunha postal de Nadal que o centro utilizará no vindeiro curso 2018/19 para felicitar a entrada do ano.

A actividade comeza coa realización dun traballo tridimensional proposto polo departamento; este ano a proposta foi: “conos de Nadal”.

Os alumnos teñen liberdade para realizalos cos materiais que desexen partindo da forma inicial dun cono. Unha vez rematado, preparamos na aula un espazo coa iluminación e o fondo axeitados para que poidan fotografar o seu traballo obtendo unha imaxe de calidade coa cámara do centro. A seguinte fase é a manipulación da imaxe obtida con programas de edición de imaxe como o Gimp e outros editores cos que o alumno pode alterar a imaxe inicial como



crea conveniente: engadirlle o texto, filtros...ata transformala nunha felicitación de Nadal.

O conxunto de postais presentadas polos alumnos expóñense ao inicio do seguinte curso co fin de que, entre todos, elixamos a que máis nos guste para que sexa a nosa postal dese curso.

Durante o Nadal, os conos que realizaron os nenos expuxéronse no recibidor do Edificio O Ribeiro. Ao carón dos mesmos puideron verse os móbiles que penduraban do teito, tamén realizados por eles, e cheos de copos de neve que os nenos recortaron, plastificaron e colgaron como decoración de Nadal.



Día da Paz



Para conmemorar o día da paz o departamento de Debuxo proponlles aos seus alumnos un traballo de intervención na contorna. É importante que os alumnos cheguen a implicarse no traballo e a súa reflexión previa para levalo ao cabo, xa que a realización do mesmo coincide no tempo con problemas de convivencia preocupantes que, de xeito puntual, temos no centro.

O traballo consiste en que os alumnos elixan una frase que consiga promover actitudes pacíficas; todos os que compartimos moito do noso tempo no centro “pisaremos” esas frases e utilizáremolas para subir. O obxectivo da actividade é que, ao tempo que as lemos esperten en nós esas reflexións que axuden a unha convivencia pacífica.



O traballo complétase cunha invasión de pombas da paz no recibidor do centro. Son pombas tridimensionais realizadas por alumnos da ESO e de Bacharelato, todos xuntos. Esta actividade pretende reforzar a idea da paz como algo a conseguir coa colaboración de todos.



O entroido

O 9 de febreiro celebramos a festividade do Entroido e o alumnado (cos seus titores/as á cabeza) disfrazouse facendo comparsas por aulas, cunha mesma temática, participando no concurso de disfraces.

Grazas ao labor dos titores e as titoras houbo unha gran participación e variedade e o espectáculo foi un éxito. Hai que felicitar a tod@s!

Os resultados dos concursos foron os seguintes:

COMPARSAS:

- 1ª GHRIS (1º BAC B)
- 2ª MOVEMENTO LARANXA (3º ESO D)
- 3ª ANINOVO (1º BAC A)
- 4ª OS MILITARES (2º ESO B)
- 5ª WALLY (3º ESO C)
- 6ª CANTANTES (3º ESO B)
- 7ª ANIMAIS FANTÁSTICOS (1º ESO A)
- 8ª A GALA DOS PREMIOS (3º ESO A)
- 9ª XOGOS OLÍMPICOS (4º ESO C)
- 10ª ANIMAIS GALEGOS (4º ESO A)
- 11ª O EQUIPO DO RIBEIRO (2º ESO A)
- 12ª CHONIS vs ANIMADORAS (1º ESO B)
- 13ª A FAMILIA JOSEFA (1º ESO C)

DISFRACES INDIVIDUAIS/PARELLA:

1. ANIMADORAS
2. PRESENTADORES
3. MILITARES
4. BATMAN + PARELLA
5. BALONMÁN RIBEIRO







Día do libro

Para conmemorarmos o “Día do libro” o departamento de debuxo proponlles aos alumnos unha actividade que consiste en ilustrar un texto elixido por eles. O texto pode ser: un poema completo, un relato curto, un conto ou o unha páxina completa, parágrafo ou texto dunha obra extensa. O único requisito é que sexa especial para eles .

Imprimimos unha copia do texto sobre o papel adecuado e os alumnos terán que ilustralo aproveitando a cualidade da técnica coa que teñen que facelo: A Acuarela. Ao ser un material translúcido, a acuarela, permítenos debuxar e pintar sobre o texto sen impedir a lectura do mesmo.

O exercicio enriquece a lectura do texto elixido facendo que a chegue a nós a través da visión particular daquel que o ilustra e que, en ocasións, consegue completar e incluso modificar por completo a mensaxe.

Os traballos expuxéronse na entrada do centro e na biblioteca do mesmo nas datas próximas ao 23 de Abril.



Concursos

Concurso etiquetas

Os alumnos do Ciclo de Aceite e Viños elaboran como traballo final unha serie de produtos que dan a coñecer na Feira do Viño de Ribadavia. Co fin de promover a colaboración entre as diferentes vías educativas que o noso centro ofrece, o IES O Ribeiro organiza un concurso entre os alumnos da ESO e Bacharelato que consiste no deseño das etiquetas dos produtos que os alumnos do ciclo elaboran.

Trátase de conseguir facer un traballo colaborativo entre departamentos moi diferentes e traballo conxunto entre alumnos de perfís tamén moi diversos.

O departamento de Debuxo propón o traballo como un máis da materia dando pautas aos alumnos para correcta elaboración do etiquetado e dotándoos das ferramentas técnicas necesarias para que o deseño sexa factible.



1ª premio etiqueta viño: Jacobo García

Debido á complexidade do traballo o concurso é bianual e de el sairá o etiquetado para dous anos. Isto quere dicir que os finalistas do concurso dun ano, serán os que leven o premio ao seguinte. O concurso celebrouse o pasado curso 2016/17, e este ano damos a coñecer os gañadores do curso 2017/18. Os traballos dos alumnos poden agora verse nas paredes da cafetería de centro.


As etiquetas que visten este ano os produtos do ciclo son obra dos seguintes alumnos:

Etiqueta do aceite: Carla Rodríguez Padrón e Alba Rodríguez Rodríguez.

Etiqueta do viño: Jacobo García Martínez.



1º premio etiqueta cervexa:
Ruth Carrera e Ruth Pérez



1º premio etiqueta do aceite:
Carla Rodríguez Padrón e Alba Rodríguez

Concurso Coca-Cola

Otro ano máis, o centro participa no Concurso COCA-COLA NOVOS TALENTOS de relatos curtos, por iniciativa da Vicedirección e co obxectivo de promover o desenvolvemento da expresión escrita e da lectura entre os alumnos e alumnas de 2ª ESO.

Participaron como representantes de 2ª de ESO do noso centro: Andrea, Miriam, Sabela, Uxía e Xian, conseguindo Xian un dos 3 premios da provincia de Ourense e pasando á seguinte fase. Cóntanos a continuación Xian os detalles da experiencia.



Lo primero que vi fue una extraña brújula

“Lo primero que vi fue una extraña brújula y pensé, para que quiero guiarme de una brújula si puedo crear mi propio camino”, esta efímera oración fue el comienzo del relato.

Aquel día el cual participé en el concurso literario de relatos cortos, fue una oportunidad que sería única e irrepitible para todos los allí presentes, en cuya prueba había varios representantes de cada instituto de la provincia de Ourense, en el instituto IES O Ribeiro (donde ejerzo mis estudios) los representantes de 2ª de la ESO fuimos Andrea, Miriam, Sabela, Uxía y yo. Ambos los cinco éramos sabedores y conscientes de la oportunidad que se nos presentaba, cada uno de nosotros al igual que los concursantes adquirimos durante ese día nuestra personalidad de escritores y trasladamos a cuyo papel nuestras innovadoras, creativas y efímeras ideas que desarrollábamos.

A los dos meses de realizar la prueba fuimos conocedores de los resultados, y una sensación de júbilo, vivacidad y alegría me invadió al instante, porque en aquellos resultados estaba expuesto mi nombre. Todos los allí presentes aquel día éramos candidatos a optar por el premio, pero solo podía haber tres posibles ganadores, y el destino quiso que yo fuera uno de ellos.

Este premio es todo gracias a mi familia, mis profesores, compañeros y las personas cercanas, porque sin estos pilares nada sería posible, y para mi es un privilegio y un honor poder observar los esfuerzos que ejercen para conseguir de mi una persona capacitada en los aspectos que la vida exige, todos los calificativos se quedarían insuficientes para darles las gracias a todas estas personas magníficas y excelentes.

El recuerdo de la experiencia será eterno, pero el verdadero recuerdo no fue el premio sino el privilegio de poder ejercer de escritor durante un día.

Los ganadores de Ourense, Vigo, Ferrol, Santiago de Compostela, Pontevedra , Lugo y A Coruña nos reunimos en el pazo de Fonseca, ubicado en Santiago de Compostela, en aquel lugar histórico y hermoso se dio a conocer la ganadora autonómica, una chica de Pontevedra.

El lema de mi relato fue, es y será: “Un camino hecho ya tiene un final, pero un camino sin hacer solo tiene un principio”

Xian A. Lorenzo Rodriguez(2ª ESO A)
(Alumno premiado no concurso de Coca Cola - 2018)

Concurso "Atrévete a ter unha idea" - Eduemprende

O IES O Ribeiro participa no programa "Eduemprende", e no marco desta iniciativa xurdiu a posibilidade de participar no concurso "Atrévete a ter unha idea". O concurso consiste en desenvolver unha boa idea de negocio e expoñela nun máximo de 2 folios. Busca fomentar a capacidade creativa e emprendedora dos rapaces.

Presentáronse 4 proxectos, e os alumnos participantes foron:

- Xian Antón Lorenzo Rodríguez
- Lim Yu
- Hugo Carrera Rey
- Lucía Seoane González

Aínda que non se conseguiu ningún premio nesta ocasión, o alumnado implicado acudiu invitado a cerimonia de clausura e entregas de premios, e puideron ter contacto co mundo empresarial e recibir interesante información deste ámbito.



**CARPINTERÍA
PINTOS
CARPINTERÍA
PINTOS**

**PUERTAS
ARMARIOS EMPOTRADOS
MUEBLES DE COCINA Y BAÑO
MUEBLES A MEDIDA
TARIMAS**

Telf./Fax: 988 482 201 · Movil: 669 299 801

Zona Industrial " A Cancela" 32200 CORTEGADA (Ourense)

Actividade "Maquinillas"

Unha coñecida marca de maquinillas de afeitar brindounos a posibilidade de ofrecerlles un moi bo modelo de maquinilla aos estudantes do centro.

Foron agasallados os alumnos de 1º e 2º de Bacharelato, e os de 4ª de ESO, e así, medio en serio medio en broma, participaron nesta actividade posando para unha foto coa maquinilla recibida, e quedaron moi satisfeitos coa broma, e coa calidade do produto, para moitos deles é a 1ª maquinilla de calidade da que xa están a sacar partido. Parece ser que algún pai, de forma indirecta, tamén se beneficiu desta iniciativa.

Un dos alumnos nos contou a súa experiencia e foi agasallado cunha maquinilla extra.

Fai unhas semanas a compañía de "Gillette" estivo no centro IES O Ribeiro promocionando as súas coitelas de afeitar. Refírome a esas "maquinillas" con cabeza rotativa que axudan a un afeitado óptimo que tamén vai en proporción ao seu prezo. Chamoume a atención porque foi coa primeira maquinilla que me afeitei cando meu pai me dixera tan sutilmente "Quita esa merda que tes debaixo do nariz", pensando que era chocolate...

David Armada (1ª Bach)








Concello de
Avión



Patrimonio natural

Orlas do curso 2017-18





1º ESO A



1º ESO B



1° ESO C



2° ESO A



2° ESO B



2° ESO C



3° ESO A



3° ESO B



3° ESO C



3° ESO D



4° ESO A



4° ESO B



4° ESO C



1° Bacharelato A



1° Bacharelato B



2° Bacharelato A



1º FP Básica IA/MV



2º FP Básica MV



1° CM EMV



2° CM EMV



1° CM AOV




2° CM AOV




1° CS Vitivinicultura



2° CS Vitivinicultura



ESA



Departamento de Orientación



ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN			
OBRADOIRO/CHARLA/VISITA	CURSO/S	IMPARTIDAS	DATA
Prevención violencia de xénero: "Eu rompo a cadea"	2º ESO	CRUZ VERMELLA RIBADAVIA	Novembro
Charla Violencia de xénero: "Consecuencias da violencia de xénero nas mulleres, nos rapaces e rapazas e pautas para a súa abordaxe"	4º ESO /ESA 1º BACH	Persoa relacionada Secretaría Xeral Igualdade	novembro Novembro
Prevención Acoso escolar	1º ESO	GC-PLAN DIRECTOR	Febreiro
Uso novas tecnoloxías	2º ESO	GC-PLAN DIRECTOR	Febreiro
Educación Afectivo-sexual	3º ESO	QUÉROTE +	Febreiro
Prevención consumo de sustancias: Drogas e alcol	FPB/1º CM 3º ESO A/D 3º ESO C/B	GC/PLAN DIRECTOR	Febreiro Marzo Abril
Estudar na USC	2º BACH 4º A/B	USC	Marzo
Estudar na Uvigo	2º BACH 4º C	UVIGO	Marzo
Estudar/traballar nas Forzas Armadas	2º BACH 4º ESO	FA	Xaneiro
Visita ciclos	4º ESO ESPA(4)	PROFESORADO CICLOS ORIENTADOR/A	Maio
Visita dos centros adscritos	6º Primaria País profesorado	EQUIPO DIRECTIVO ORIENTADOR/A	Xuño

Como exemplo das diferentes actividades promovidas dende o Dpto. de Orientación, amósanse imaxes da visita que o alumnado de 4ª de ESO realizou ao edificio Abrente para coñecer de primeira man os ciclos de formación profesional que ali se imparten e que pertencen ás familias profesionais de "Transporte e mantemento de vehículos" e "Industrias alimentarias".



Os nosos ciclos

CS de vitivinicultura e CM aceites oliva e viño

Este curso medrou o Departamento de Industrias Alimentarias, tanto no número de membros como de ciclos impartidos: ademais do Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños e o Ciclo Superior de Vitivinicultura, contamos co primeiro curso de F.P. Básica de Industrias Alimentarias. Ao longo destes meses levamos a cabo moitas actividades interesantes tanto nas nosas instalacións como fora delas.


Iniciamos o curso coa vendimia na Ribeira Sacra e no viñado de San Paio cedido por Jerónimo Docampo. Coas uvas vendimadas elaboráronse diferentes viños, ao que se lle foron realizando os acondicionamentos precisos en cada momento, analíticas e demais operacións ata o embotellado e etiquetado final e, por suposto, elaboramos Aceite de Oliva Virxe, coas olivas colleitadas na visita á Escola Profesional Agraria de Mirandela (Portugal).

Por outra banda no noso viñado e plantación de oliveiras fixéronse tarefas de lábrego, plantación de vides, abonado, micorrizado de cepas, poda de formación, poda de frutificación e enxerta de vides.

Como novidade dotouse ao ciclo cun macerador, para elaboración de cervexa artesá cos alumnos do Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños.

Ademais das actividades propias de viticultura, vinificación e elaboración de aceite, realizamos outras moitas como análise de aceites e refinado dos mesmos, destilación de bagazo e viño, elaboración de licores, vinagre, sidra, cervexa e vermú e realizamos as súas correspondentes análises químicas no laboratorio.

Os alumnos tiveron tamén a ocasión de achegarse ao mundo da cata, tanto de viños como de aceites, e outras bebidas. Contamos coa visita de profesionais que nos transmitiron os seus coñecementos neste campo como a enóloga Sonia Otero do Consello Regulador de Augardentes e Licores Tradicionais de Galicia e os sumilleres Luis Paadín e Daniel Marín.



Outras charlas de interese foron as levadas a cabo por: Fernando De Llano Paz, docente da Universidade da Coruña, acerca da enerxía en Galicia e a charla a cargo do Inspector de fraudes Antonio Troitiño sobre os Libros que deben de levar as Adegas. Seguimos a contar, como ao longo destes anos, coa inestimable colaboración da Estación de Viticultura e Enoloxía de Galicia (EVEGA), que promoveu unha serie de xornadas de formación moi interesantes para o noso alumnado: Trazabilidade do viño, Blackrot e Oídio, Defectos do viño, entre outras. Foi na propia EVEGA onde puidemos realizar prácticas no viñado e laboratorio.

As actividades complementarias e extraescolares foron moitas: Xornada de poda e enxerta no viñado de Os Chancís (Concello de Sober), visita a adegas na D.O. Ribeira Sacra: Vinigalicia, Amedo, Ciprés, Fazenda Prádío, Finca Cuarta e Vía Romana, adegas na D.O. Ribeiro: Pazo Casanova, Casal de Armán, Cume do Avia, Adega do Moucho e Viña Costeira, adegas na D.O. Rías Baixas: Lagar de Cervera, Pazo Baión e Terras Gauda, na D.O. Monterrei: Quinta do Buble. Destilaría Oreta Xida (Chantada) e Destilaría Compostela (Rois), Licoreira Hermanos Panigua (O Carballiño) e Licoreiría Aguavella (Chantada), Licores tradicionais os Maios (San Clodio), Customdrinks (Chantada), Aceites Abril, visita a oliveiras en Berán e a unha fábrica de cervexa artesá en Ourense, etc.





Durante este curso 2017/2018, os nosos alumnos de segundo ano do Ciclo Medio de Aceites de Oliva e Viños realizaron, para completar os seus estudos, a Formación en Centros de Traballo, para o que contamos con adegas, laboratorios enolóxicos ou fábricas de aceite como colaboradores. Dous de estes rapaces foron beneficiarios dunha bolsa concedida dentro do programa Erasmus +, podendo realizar as súas prácticas en Volos (Grecia) na adega Dimitra e outro alumno xa titulado realizou prácticas durante seis meses en Cork (Irlanda) na sidraría Longueville House.

O noso especial agradecemento a Paco Rego, que desinteresadamente acudiu ao instituto para impartir varias xornadas prácticas e teóricas ao noso alumnado; e tamén aos centros colaboradores: EVEGA, Cooperativa Vitivinícola do Ribeiro, Jerónimo do Campo (Adega Docampo), Aceites Abril e Concello de Sober (Finca os Chancís) e, por suposto, a todo o noso alumnado: moita sorte no voso camiño a os que xa rematades, e aos que seguides ¡Esperámosvos no próximo curso!



CM de Electromecánica de Vehículos

Neste curso impartíronse os 2 cursos (1º e 2º) do Ciclo Medio de Electromecánica de Vehículos, así como os 2 cursos (1º e 2º) da especialización da Formación Profesional Básica de Mantemento de Vehículos. Queremos desearlles moita sorte na nova etapa, aos alumnos que actualmente están a realizar as prácticas nas empresas colaboradoras, foi un pracer tervos connosco estes anos, moito ánimo a tod@s para a nova etapas que comezades!!



Saídas didácticas: Salón do Automóvil 2018, Colección de motos de Manolo Rodríguez, e Colección de Vehículos Clásicos de Manolo Ferreira

Dentro das actividades extra-escolares do Departamento de Automoción, o xoves 12 de abril o alumnado dos ciclos de electromecánica e formación profesional básica fixeron unha excursión a dúas das coleccións privadas máis importantes de España: unha de motos en Mañufe, propiedade de Manolo Rodríguez (colección de motos que conta con pezas únicas a nivel mundial) e outra colección de vehículos clásicos pertencente a Manolo Ferreira. En estas dúas visitas os alumnos puideron ver de preto mecánicas excepcionais!!

Seguidamente os alumnos realizaron a visita a o salón do automóvil de Vigo, vendo as últimas novidades do sector.

Esta xornada serviulle os alumnos como un empuxe extra na súa aprendizaxe, mostrando un grande interese por todas as visitas organizadas.



Actividades de F.O.L.

Saída didáctica PREVISEL

Dentro das actividades extra-escolares do Departamento de Formación e Orientación Laboral, o mércores 11 de abril o alumnado das familias profesionais de Mantemento de Vehículos e Industrias Alimentarias pertencentes aos ciclos de electromecánica, aceites e viños e vitivinicultura e os de formación profesional básica de ámbalas dúas familias participaron no Salón de Prevención de Riscos Laborais (Previsel).

Este salón é un escaparate especializado, onde se presentan os produtos e servizos. Aquí danse citas os expertos do sector co obxectivo de axuntar os seus coñecementos e esforzos en materia de prevención.

O alumnado participou nunha charla de Traballo en altura realizada polo ISSGA (Instituto de Seguridade e Saúde de Galicia), así como nas excarceracións e simulacros realizados polos



Actividades de F.O.L. Obradoiro de 1os auxilios - Cruz Vermella

Dentro das actividades extra-escolares do Departamento de Formación e Orientación Laboral, o pasado mércores 11 de abril o alumnado de 1ª de FOL participou nunha actividade de Primeiros Auxilios. Dita actividade foi impartida pola Cruz Vermella de Ribadavia e levouse a cabo nas instalacións do centro educativo.

O alumnado puido practicar en bonecos especiais as manobras de Reanimación Cardiopulmonar e aprender como actuar ante determinadas situacións de emerxencia que se poden dar na vida cotiá.



Explicación da manobra Heimlich



Practicando a RCP





NOVATEDI DIGITAL

INFORMÁTICA PROFESIONAL



ABIERTO 24h
WWW.NOVATEDI.ES

WWW.NOVATEDI.ES

C/ RIO MAO, 29 BAJOS
32001 OURENSE - 988 60 39 10/11



brother
at your side
SERVICIO TÉCNICO OFICIAL



ESET
NOD32
ANTIVIRUS



ASUS
Inspiring Innovation • Persistent Perfection



FUJITSU

Industrias Alimentarias: 55ª Feira do viño de Ribadavia

O luns 30 de abril, ás 18:30 h, dentro do programa da 55ª edición da Feira do Viño do Ribeiro, no recinto da Aula Galicia Calidade, tivo lugar a presentación dos ciclos formativos da familia profesional de Industrias Alimentarias do Instituto de Educación Secundaria O Ribeiro. O director do centro, Jose Antonio, presentou o ciclo de Formación Profesional básica de Industrias Alimentarias, de grao medio de Elaboración de Aceites de Oliva e Viños e de grao superior de Vitivinicultura.

Durante a mesma, realizouse unha degustación dos produtos elaborados polos alumnos do centro e comentada polos docentes dos ciclos.

Entre os produtos a degustar destacaron un viño branco elaborado mediante fermentación espontánea con uva da variedade Treixadura, un viño branco elaborado en coupage das variedades Treixadura e Palomino mediante métodos tradicionais, unha marmelada de uva Treixadura e unha marmelada de uva Sousón e Mencía; as uvas empregadas foron colleitadas dos viñedos pertencentes ao propio instituto onde os alumnos practican os coidados da viña ó longo do ano académico. Outros produtos a degustar, con gran aceptación por parte dos asistentes, foron un aceite de oliva virxe extra, compota de mazá á canela, galletas de castaña e kéfir de leite.



A FP Básica na feira do viño

Este curso 2017-2018 foi o primeiro ano de implantación de FP básica de Industrias Alimentarias. Este ciclo formativo ten varios módulos eminentemente prácticos polo que o aprendizaxe en taller ocupou gran parte da programación didáctica. Así, ao longo do ano académico os alumnos aprenderon a elaborar toda clase de produtos alimentarios, pasando por case todos os sectores de transformación industrial, realizando elaborados cárnicos como albóndegas, croquetas e hamburguesas; produtos e conservas vexetais como purés de verduras, marmeladas e compotas; produtos de industrias pesqueiras como salmón afumando, bonito en aceite, mexillóns en escabeche; produtos lácteos como iogures, kéfir de leite, manteiga, xeados; produtos do

sector da panadería e pastelería como galletas, madalenas, queiques e produtos de repostería como flanes, follados e tartas variadas. Os alumnos aprenderon a elaborar estes produtos, envasalos hermeticamente en diferentes presentacións comerciais, realizar todos os tratamentos de conservación necesarios e etiquetalos correctamente para poder ser postos á venda. Aproveitando a sinerxía cos outros ciclos xa implantados no centro, os alumnos participaron tamén dalgunhas das actividades da elaboración de aceites de oliva e viños na bodega do instituto, conseguindo así un mais amplo coñecemento das diferentes Industrias Alimentarias existentes.

Para completar a formación, realizándose varias visitas as instalacións de empresas elaboradoras, entre as que destacamos a visita a Embutidos Lalinenses, onde puideron observar como se elaboran multitude de produtos cárnicos como xamón curado, salchichón, panceta rechea de grelos, cocido galego en conserva, lomo adobado e pastel de lacón con grelos; a Cooperativa Santa María de Loureiro, onde puideron observar os procesos de elaboración, envasado e tratamentos térmicos que sofren o leite, queixos, iogures e kékfir antes de chegar ao consumidor e, tamén visitamos unha almazara de aceite, en Portugal, onde puideron participar dos procesos de elaboración de aceites de oliva, dende a recollida das aceitunas no campo ata o embotellado e etiquetado do aceite na planta envasadora.

Dentro do programa da 55ª edición dá Feira do Viño do Ribeiro, o 30 de abril, no recinto dá Aula Galicia Calidade, tivo lugar a presentación deste ciclo formativo durante a cal realizouse unha degustación comentada dalgúns dos produtos elaborados polos alumnos. Así, degustouse unha marmelada de uva Treixadura e unha marmelada de uva Sousón e Mencía, que foron os protagonistas dunha conexión en directo da Televisión de Galicia, e tamén compota de mazá á canela, galletas de castaña e kékfir de leite, todos con gran aceptación por parte dos asistentes e acompañados con viños e aceite elaborados polos seus compañeiros do ciclo medio de Elaboración de Aceites e Viño e ciclo superior de Vitivinicultura.



As aventuras de FPB en Industrias Alimentarias

Un ano máis, chegamos a xuño e este curso, que subiu o pano do escenario Abrente no mes de setembro, obríganos a baixalo e agardar con ansia o comezo da próxima función en setembro do 2018. Máis o deste curso non foi unha simple obra de teatro máis a ver desde a nosa butaca verde situada tras un pupitre desa mesma cor esperanza... esa esperanza de todos os cursos de chegar a xuño con todo aprobado. Ata esa cambiou!!

E a estas alturas estarédesvos a preguntar “por que?” “Cal é o argumento desta gran obra do Abrente titulada “F.P. B. en Industrias Alimentarias”? Incluso algún de vós, estará a dubidar de ser partícipe desta obra no vindeiro curso. Pois ben, neste artigo, trataremos de dar resposta a todas estas preguntas cun brevísimo resumo desta gran experiencia.

Subimos o pano do escenario Abrente! E comezamos!

En primeiro lugar presentarnos: somos os oito protagonistas desta obra “F.P. B. en Industrias Alimentarias”. Si! Lestes ben! Somos os protagonistas, non somos simples espectadores ou personaxes secundarias, senón os PROTAGONISTAS da nosa aprendizaxe. Somos Mireia, Adrián, Miriam, Sandra, Thais, Yessica, Ismael e Laura, os oito aventureiros que en setembro do 2017 decidimos comezar a FPB en Industrias Alimentarias, sendo o primeiro curso que se imparte e polo tanto a primeira promoción deste ciclo. Toda unha honra! Non sabiamos moi ben o que nos íamos atopar, nin como se ía desenvolver este novo curso. Pero a valentía de ser os/as primeiros/as desta nova andadura, premiounos cun curso cheo de experiencias diarias que fixo que aprenderamos case sen darnos conta. Foron moitas aventuras e moitas experiencias neste escenario Abrente, imposibles de resumir nunha páxina, por iso só vos podemos deixar as máis importantes a continuación.



Foto 1: Viaxamos a Portugal onde recollemos olivas cas que fixemos o noso propio aceite



Foto 2: Que mellor xeito de aprender os conceptos de repostería que elaborando a nosa propia tarta de aniversario? Cada un de nós tivo a súa propia!



Foto 3 e 4: Tamén celebramos o Nadal cos nosos Papa Noel particulares e por suposto! Turrón!



Foto 5: Non podía faltar a celebración dos carnavais. Mirade que ben nos senta este anteface! Pero tamén houbo orellas de Entroido, claro!



Foto 6: E que pensades? Que non nos atrevemos coas bebidas? Pois tamén aprendemos a facer varios tipos de Smoothies e uns cócteles riquísimos (sen alcohol, claro!)



Foto 7 e 8: E non podíamos despedirnos sen presentarvos a nosa mascota de clase: o kéfir, que diariamente coidamos que tivera o seu alimento: leite , lavamos, coidamos que tivera unha temperatura axeitada, etc.

E seguiríamos páxinas e páxinas contándovos as nosas aventuras e cos centos de fotos que temos: como fixemos os “Huesitos”, as nosas pizzas de Halloween, a nosa práctica de industrias cárnicas facendo albóndigas, ese día no que aprendemos de que se facían as gominolas (temos que confesar que iso non nos quitou de comelas igualmente!), esas galletas de fariña de castaña e centos e centos de cousiñas máis que fixemos este curso. Imaxinade se artellamos, que nos deu por fabricar marmelada de uva! E tivo tanto éxito na Feira do viño de Ribadavia que a TVG se interesou por ela. Un pasiño máis destes actores do escenario Abrente cara a fama!

E antes de pechar o pano do escenario, unha imaxe de todos/as para despedirnos, dunha das visitas que fixemos a “Embutidos Lalinenses” .



Este ano, rematamos o curso ca esperanza de que o próximo aprendamos tanto ou incluso máis que este dun xeito tan entretido e práctico e de continuar resolvendo esas curiosidades que nos xurdan cada vez que mercamos algo no supermercado, sabendo como estará feito.

Un saúdo do alumnado e profé da FPB-IA

Excursión á Baixa Limia

Neste curso tamén participamos no programa “coñece Ourense” patrocinado pola Deputación de Ourense. Escollemos o martes 28 de novembro para visitar cos alumn@s de 1º de ESO a Baixa Limia. Coñecemos o asentamento romano “Aquis Querquennis” en Bande, as termas e o centro de interpretación.

Foi unha excursión moi interesante con 3 animador@s culturais que foron explicándolle todo e realizando actividades e xogos con eles dende que saímos do centro.

Visitamos tamén Santa Comba e a súa igrexa pre-románica, Entrimo, vendo a súa igrexa “Santa María Real”, e rematamos visitando o Dolmen de Mau de Salas.

Os alumn@s viñeron moi contentos de coñecer esa zona de Ourense que para moit@s deles era a primeira vez que visitaban...



Concello de Arnoia



Onde a auga reza, o viño fala e a pedra cala

Excursión ao Museo do Mar Visita ao Pergamiño Vindel

O 14 de decembro os alumn@s de 1º de Bacharelato realizaron unha saída didáctica ao Museo do Mar, en Vigo, con obxectivo de visitar a exposición didáctica dedicada ao Pergamiño Vindel. A Exposición "Pergamiño Vindel: Un tesouro en sete cantigas" constituiu unha oportunidade única da que o alumnado sacou moito proveito e non esquecerán. Nesta exposición o Pergamiño Vindel, o manuscrito que contén sete cantigas de amigo de Martín Códax, e a melodía de seis delas, exhibíase ao público por primeira vez na historia en Galicia, e de forma xa que tras un breve periodo de tempo volvía á Morgan Library & Museum de Nueva York, entidade á que pertence e onde reside habitualmente.

A exposición divídese en sete partes, cada unha delas inspirada nunha das cantigas. O Pergamiño Vindel é o eixo central, pero está acompañado por outras pezas medievais e contemporáneas de gran calidade que explican a sociedade, a estrutura de poder e a vida cotiá da época das cantigas; que nos falan da paisaxe, do mar, da música e das romarías en santuarios. Os santuarios locais da ría puideron servir de inspiración a Martín Códax.

Máis de 50 pezas conforman esta exposición única, entre as que se inclúen pinturas, documentos, esculturas, obras en madeira, elementos arqueolóxicos e obras de carácter sacro e profano, entre outras e da que desfrutou o alumnado de 1º de Bacharelato.



Saída á Escola de Minas

O 19 de xaneiro un grupo de alumn@s de 4ª de ESO e 1ª e 2ª de Bacharelato, asistiu co Dpto. de Ciencias Naturais, a unha interesante saída didáctica a Vigo.

A actividade consistiu en visitar a “Escola de Enxeñería de Minas e Enerxía” da Universidade de Vigo, para realizar un obradoiro de recoñecemento dos distintos tipos de minerais, no laboratorio, a través da identificación das súas propiedades físicas coma cor, brillo, dureza, raia, reacción ós ácidos...

Tamén visitaron a colección de minerais da exposición da facultade e dúas exposicións-charlas sobre o uso de explosivos en prospeccións e explotacións mineiras, e sobre algúns dos métodos utilizados en Enxeñería de Minas e da Enerxía.



Concello de
Cenlle



Paisaxe, viño e termalismo

Excursión a Lugo-Teatro clásico

O seis de Marzo, as alumnas e alumnos de Lingua e Literatura Grecolatina e Literatura universal de primeiro e segundo de bacharelato do IES O Ribeiro, desprazáronse ata a cidade de Lugo para gozar dun día de teatro.

Ese foi un día de traxedia e comedia cheo de emocións do que todos gozaron moito. Tamén chovía, incluso sarabiaba, pero iso non nos molestou aos alumnos para apreciarmos a beleza da fermosa cidade e o talento da compañía teatral Noite Bohemia que deu o cen por cento para facer viaxar ao público ata a antiga Roma, con Miles Gloriosus e ata Troia, con Hécuba, sen deixar de divertirse e pasalo ben.

Despois da primeira obra e unha saborosa comida nalgúns dos restaurantes da cidade, fomos visitar o museo provincial onde puidemos observar diversas pinturas, esculturas, mosaicos e unha ampla exposición de lucernas, ampliando así un pouco máis os nosos coñecementos, xa que o profesor de Literatura Grecolatina, Antón Carballude, dominando unha ampla sabedoría sobre algúns dos obxectos alí expostos, puido explicarnos de onde procedían e que importancia tiñan.

Ana Suárez (1º Bach)



Os alumn@s de 1ª de Bacharelato cos actores e actrices no escenario

Excursión Convivencia en Pontevedra

Como vén sendo tradicional o Departamento de Relixión, en coordinación con outros centros de Secundaria da provincia, organizou unha excursión-convivencia dos alumnos de 3^a, 4^a e 1^a de bacharelato o luns 23 de abril. Nesta ocasión foi en Pontevedra, onde puidemos percorrer, coñecer e apreciar, acompañados polos excelentes guías que nos acolleron, as principais igrexas da cidade:

A Real Basílica de Santa María A Maior, a famosa Capela da Peregrina, a igrexa e convento de san Francisco e a igrexa de san Bartolomeu.

A mediodía tivemos un tempo libre pola, parte histórica da cidade, que aproveitamos para a convivencia entre os alumnos dos diversos centros.

Xa pola tarde visitamos o mosteiro de San Xoán de Poio, con ocasión do Ano Xubilar Mercedario, polo VIII Centenario do nacemento da Orde da Merced, que son os frailes que habitan o mosteiro dende 1881. Para rematar, desfrutamos dun tempo de lecer no típico e turístico pobo de Combarro, no que puidemos apreciar as características casas tradicionais adornadas e os numerosos hórreos e cruceiros entre as súas estreitas e rechamantes rúas.



Tes que vir, tes que ver

Actividades - Francés

Teatro

No mes de novembro os alumnos do primeiro ciclo da ESO acudiron ao Colexio Salesianos de Ourense á representación bilingüe da obra “Le tour du monde en 80 jours” de Jules Verne. A actividade foi moi divertida e os alumnos saíron contentos tanto pola calidade da obra como pola súa propia comprensión da lingua.

Os de segundo ciclo e os de bacharelato, no seu lugar, foron ao Teatro Principal de Ourense, un lugar moito máis vistoso e adecuado para este tipo de actividades. A obra esta vez foi “Le bourgeois gentilhomme” de Molière, representada integramente en francés. Ao final de cada unha destas funcións os alumnos de todos os centros presentes tiveron a oportunidade de ter un coloquio cos actores. En total asistiron a estas dúas actividades teatrais 140 alumnos do noso centro, todos eles estudantes de francés segunda lingua estranxeira.



Voluntariado europeo

No edificio Ribeiro do noso centro acudiron ao longo dunha semana dous voluntarios europeos da Omix de Ribadavia. Alicia e Luca, dous mozos que na actualidade exercen as súas actividades na vila de Ribadavia acudiron ás nosas aulas para falar dos seus países de orixe, Francia e Italia, e para intercambiar impresións co noso alumnado. Alicia dirixiuse aos alumnos sempre en francés e estes quedaron moi satisfeitos coa experiencia. Os estudantes valoraron moi positivamente esta visita e mostráronse entusiasmados con esta achega de dous mozos que acaban de finalizar os seus estudos universitarios. As clases escollidas foron 3ª e 4ª de ESO e 1ª de bacharelato. En total participaron nesta experiencia uns 65 alumnos.



Actividades deportivas

Neste curso, como xa vén sendo costume, o IES O Ribeiro participou nas actividades deportivas de Campo a través, Bádminton e Fútbol Sala. Estes foron os resultados en cada unha das modalidades.

Campo a través

Para a fase provincial de campo a través celebrada o 3 de febreiro en Monterrei, clasificáronse varios equipos masculinos e femininos, chegando o equipo cadete masculino (composto por Simón Álvarez, Jacobo Soto e Hugo Gil) a clasificarse para a fase autonómica que tiña lugar na Pobra do Caramiñal, pero non puideron asistir por coincidirles con outras actividades.



Alumnos clasificados para a fase provincial celebrada en Monterrei

Castro de Miño



Natureza,
deporte e vida



Bádminton

O campionato de bádminton celebrouse o día 23 de marzo no pavillón do noso centro e contou cunha gran participación.

Estes foron os vencedores de cada categoría:

Categoría infantil masculino	Categoría infantil feminino	Categoría Cadete masculino	Categoría Cadete feminino
1 Xian A. Lorenzo 2 Juan González 3 Héctor Janeiro 4 David Rodríguez	1 Noa Éstevez 2 Eliska Piños 3 Icia Durán 4 Ariana Fernández	1 Abrahan Rodríguez 2 Hugo Pena 3 Adria González 4 Sergio Lorenzo	1 Anxela Bruquet 2 Carolina Neira 3 Alexia Bruquet 4 Anxela Canitrot



Patrimonio, natureza e futuro



Concello de Melón



Fútbol Sala

O 23 de marzo, para despedir o 2º trimestre, tivo lugar un campionato de fútbol-sala por eliminatorias (os gañadores pasan á seguinte ronda que ten lugar a final de curso). Os resultados foron os seguintes:

Selección 1º ESO	-	2º ESO B	:	0 - 1
2º ESO A	-	2º ESO C	:	2 - 1 (p.p.)
3º ESO A/B	-	3º ESO C/D:	:	1 - 0
4º ESO A	-	4º ESO B	:	2 - 1 (p.p.)
4º ESO C	-	1º ELECTMEC:	:	2 - 1
IND.ALIM.	-	2º ELECTMEC:	:	2 - 1 (p.p.)
1º BACH	-	2º BACH	:	4 - 1

Fútbol feminino: 3º ESO - 4º ESO : 1 - 0



Patrimonio artístico



Concello de Beade





Letras Galegas 2018

O noso centro conmemora o día das letras galegas facendo os seguintes traballos:

- Os alumnos do departamento de debuxo elaboran un retrato sobre cartón pluma da homenaxeada “María Victoria Moreno”. O retrato está feito cun traballo previo de os alumnos de 3ª da ESO “estructuras modulares”. Eliximos unha estrutura modular para cada ton da imaxe de partida. O retrato está exposto na entrada do centro desde o día das letras ata o mes de xuño. Despois, pasará á biblioteca co resto dos retratos dos personaxes homenaxeados nos anos anteriores.

- Concurso “Fotografía no Ribeiro”. Todos os anos, o departamento de Debuxo e o departamento de Normalización lingüística organizan un concurso fotográfico que ten como trasfondo o contexto do Ribeiro e que cada ano ten un tema específico sobre o que traballar. Este curso o tema foi “As mans no Ribeiro”. Os alumnos debían fotografar mans de personaxes da zona estando reflectido O Ribeiro como contexto suxerido ou presente na imaxe. As fotografías dos alumnos, como o retrato de María Victoria Moreno, están expostos na entrada do centro desde o día das letras galegas ata o mes de Xuño. O xurado proposto polo centro elixe os traballos gañadores e a resolución dáse a coñecer no festival de fin de curso.

- Pancarta do Correlingua: Os alumnos do departamento de Debuxo, colaborando co departamento de Normalización lingüística, elaboran unha pancarta para levar ao correlingua.

- Concurso “Pegatinas” : Os departamentos de Normalización Lingüística do IES O Ribeiro e o de o IES De Carballiño propoñen un traballo conxunto dos dous centros : un concurso de deseño de “pegatinas”. O tema proposto é distinto para os alumnos da ESO e para os bacharelato. Os alumnos da ESO tiveron que facer unha “pegatina” sobre un tema que este ano tocounos moi de cerca “ O lume”. O tema para os alumnos de bacharelato era: “O consumo de auga responsable”. O departamento de debuxo colabora no traballo prestándose a realizar os traballos enfocándoos como un traballo máis da súa materia.



Todos estes traballos expóñense ata o mes de Xuño na entrada do centro e, como no caso do concurso fotográfico, o xurado proposto polo centro elixe os gañadores e a resolución dáse a coñecer no festival de fin de curso.



Normalización



Día das letras galegas

Ao longo de varias semanas e para espallar a figura e obra de María Victoria Moreno, homenaxeada neste 2018, foron instalándose carteis nos que se ofrecía información escrita e gráfica sobre esta escritora. Nun deles propóñase un test de elección múltiple para aprender sobre ela xogando. Dous paneis grandes situados no corredor da planta baixa, foron dedicados a informar máis polo miúdo sobre varias das súas obras principais no terreo da Literatura Infantil e no terreo da Literatura Xuvenil: dispuxéronse láminas de tamaño A3 com. as portadas e as sinopses de, por exemplo, “E haberá tirón de orellas?”, “A festa no faiado” ou “Leonardo e os fontaneiros” para os máis pequenos; e “Guedellas de seda e liño” ou “Anagnorise” para @s moz@s. Esperamos que no longo verán que case xa temos enriba nosa máis de un/ha bote man dalgún dos libros da autora.



MARÍA VICTORIA MORENO:

1. María Victoria Moreno naceu no ano ...
 - a) 1939.
 - b) 1919.
 - c) 1969.
 - d) 1899.
2. María Victoria Moreno naceu en ...
 - a) Cíceros.
 - b) Pontevedra.
 - c) Ourense.
 - d) Valencia.
3. Adicouse profesionalmente a/a ...
 - a) Ensino.
 - b) Arquitectura.
 - c) Teatro.
 - d) Sanidade.
4. Realizou o bacharelato en ...
 - a) Barcelona.
 - b) Sevilla.
 - c) Lugo.
 - d) Ourense.
5. Estudou ... en Madrid.
 - a) Filoloxía Románica.
 - b) Artes Escénicas.
 - c) Arquitectura.
 - d) Medicina.
6. Un dos seus profesores foi ...
 - a) Dámaso Alonso.
 - b) o enxeñeiro Eduardo Torroja
 - c) o dr Gregorio Marañón
 - d) a actriz María Casares
7. É a ... muller en ser homenaxeada no Día das Letras Galegas
 - a) cuarta
 - b) segunda
 - c) primeira
 - d) vixésima
8. Elaborou principalmente literatura ...
 - a) infantil e xuvenil.
 - b) lírica.
 - c) dramática.
 - d) filosófica.
9. Adoraba especialmente a ...
 - a) Otero Pedrayo e Casares.
 - b) literatura oriental.
 - c) Ménd. Ferrín e F. Couso.
 - d) literatura popular oral
10. “ANAGNORISE”: o título da súa obra quere dicir o ... da propia identidade.
 - a) recoñecemento
 - b) abandono
 - c) repudio
 - d) eloxio

Día da muller

Como noutros anos, tamén neste -máis reivindicativo que nunca (“Me too”, “NO ES NO”, etc)-celebrouse o 8 de marzo o Día da Muller. Por una banda, o Dpto de Orientación dispuxo en toda a parede frontal da entrada do centro una trintena de mulleres eminentes provenientes de tódalas áreas e que merecen ser recordadas sempre . Entre elas habíaas ben coñecidas (gustaríanos recordar aquí, entre outras, a Marie Curie, durante longo tempo, única gañadora de dous premios Nobel; ou a Anna Frank, a Dian Fossey, a Edith Piaff, a Frida Kahlo ou a Maria Callas .) Eran “38 Mulleres para a Historia”. Mais tamén aparecían outras pouco coñecidas para a maioría tales como, p.e., Hildegarde von Bingen -compositora do século XI- ou Ada Lovelace- pioneira da computación. Sérvennos de exemplos do necesario labor de visibilización e recuperación de mulleres pouco atendidas ata recentemente. Gustaríanos, recordar pola súa repercusión social a Simone de Beauvoir (teórica do feminismo), a Rigoberta Menchú , Wangari Maathai, Aung San Suu Kyi (cada unha , Premio Nobel da Paz) ou a Simone Weil, Clara Campoamor , Concepción Arenal ou Rosa Parks. No panel do Dpto de Inglés destacáronse durante as semanas anteriores as 9 mulleres novelistas máis influentes do ámbito anglosaxón, a saber, J.K. Rowling, Toni Morrison, Alice Walker, Maya Angelou, Joyce Carol Oates, etc. E xa nesa data, recordáronse algúns dos símbolos gráficos do movemento “Women's Lib”, tales como o espello de Venus co puño da loita. E destacáronse os logros de varias das mulleres que xa se convertiron en símbolos: as sufraxistas, Simone de Beauvoir, Eleanor Roosevelt, Betty Friedan, Gloria Steinem, Coretta Scott King, etcétera. O Grupo de Traballo da Biblioteca tamén se colaborou a recordarnos que a Historia non sempre se acorda de tódol@s xust@s e así puidemos ver imaxes e notas sobre estas temáticas.



Correlingua 2018

É tradición do noso Centro involucrarse de maneira activa no Correlingua, a carreira reivindicativa da lingua galega que se empezou a celebrar arredor de 15 vilas galegas alá polo curso 200-2001. En 2018 a representación do IES O RIBEIRO correspondeulle aos 3 grupos de 2ª de ESO. Uns sesenta alumn@s acudiron a Ourense no día 11 de maio, acompañados de dúas profesoras do Dpto de Língua Galega (Pura Iglesias e Helena Rodríguez) e do responsable de Dinamización Lingüística. Tras os apuros por chegar a tempo ao Auditorio Marcos Valcárcel ao longo de costas considerables e treitos de escaleira interminables, todos eles puideron presenciar a actuación do presentador (“Cé Orquestra Pantasma”), dos representantes de tres centros educativos que competían con cadansúa peza e da artista Bolboreta, que nas súas cancións fusiona músicas festivas e mensaxes reivindicativas. Tamén lles foron proxectados os 2 vídeos preparados por 2 centros que optaban ao diploma na categoría audiovisual (gañouno o centro CPR Seminario Menor A Inmaculada de Ourense). Seguidamente, e cun tempo moi agradable para esa actividade, levouse a termo (case sen incidentes, non si, Laura?) a camiñata prevista pola zona vella de Ourense desde o Auditorio ata desembocar na Praza Maior. (É de rigor dar as grazas aos alumn@s que se brindaron a portar a pancarta que representaba ao noso IES, especialmente a Laura e a Xían Antón.) Unha vez concentrados todos diante da Casa do Concello, gozaron uns duns momentos de lecer para dar unha voltinha polo lugar en busca de algo que petiscar, e procederon outros á instalación da pancarta (coa axuda xenerosa e inestimable dun ex-profesor do noso IES-Serafin Alonso- malia participar el mesmo este ano en representación do seu novo Centro) nunha das varandas da praza para proceder logo ao seu exame e puntuación os xuíces do concurso. Foi gran pena que a do IES O Ribeiro non fose mellor valorada xa que era opinión de moit@s -camiñantes e testemuñas- que era ao mesmo tempo reivindicativa e poética, cunha rapaza a atravesar un mar incruento nunha nave feita de palabras, metáfora entrañable do devir da lingua galega. De todos os xeitos, vaia aquí o noso aplauso para o IES O Couto, gañador desta competición. Tivo que ser suspendida ata outra ocasión a visita -habilmente programada pola Vicedirección- ao Museo do Tren. Durante a espera polo autobús na praciña da Alameda, parte da nosa xentiña, quizais azurrada por algún espírito malévolo, rematou a excursión con intentos de salpicar os compañeiros coa auga da fonte.



Excursións de fin de curso



FOTO do grupo do curso pasado disfrutando da fantástica viaxe a Berlín

Destino Berlín

O curso 2016-2017 os alumnos e alumnas de Bacharelato fixeron unha viaxe para celebraren a finalización dos seus estudos no noso centro. O destino escollido foi Berlín e con eles acudiron á capital alemá un grupo de profesores e profesoras do centro.

Gozaron de momentos maravillosos tanto polo que viron coma polo ambiente de camaradería que se vive cando se viaxa en grupo ao estranxeiro. Visitaron Berlín, incluíndo a zona do antigo Berlín Oriental, o Memorial Sachsenhausen, Postdam, o Museo de Pérgamo,... Coma testemuña desta fantástica viaxe obsequiáronnos cunha completa reportaxe fotográfica, da que dan fe este par de imaxes.



Na porta de Brandeburgo

Obxectivos... Roma e Madrid

Este curso o centro organiza dúas excursións para celebrar o remate das dúas importantes etapas: a ESO e o Bacharelato.

Os alumn@s de 2º Bacharelato escolleron Roma para a viaxe de fin de curso. Cerca de 50 alumnos, de 2º de Bacharelato e algúns convidados de 1º, xunto con varios profesores, van coñecer a cultura clásica de Roma. As Catacumbas, os Museos Vaticanos, a Capela Sixtina, e moitos outros lugares os agardan!

Os alumnos de 4º de ESO (sobre 25) acompañados de varios profesores, van ir a Madrid para desfrutar de 3 días de actividades culturais e ocio que ben merecen tras o traballo realizado durante o curso!

Gradación 2º bacharelato



O pasado venres 1 de xuño, no salón de actos do edificio O Ribeiro, á tardiña, tivo lugar o acto de Gradación dos alumnos e alumnas de 2ª de Bacharelato.

A cerimonia, que incluíu actuacións musicais e discurso de despedida por parte dos alumn@s, resultou moi emotiva. Acudiron os profesores e as profesoras que lles deron clase, e esta lista inclúe persoas que xa non traballan no noso Centro e que se acercaron ao instituto para despedir os seus ex-alumn@s e, por suposto, inclúe a presenza de numerosos familiares que viñeron acompañar aos estudantes neste emotivo momento.

No transcurso da cerimonia a cada alumno e alumna foille imposta unha banda e entregado un diploma en lembranza do seu paso polo centro e que resultará un bonito recordo.

Finalmente fixéronse unhas fotos de todo o grupo, antes de desprazar a celebración á cafetería do centro onde uns petiscos pecharon a sesión.

Conscientes de que agora iniciades unha nova etapa nas vosas vidas queremos, dende a comunidade educativa do IES O Ribeiro que vos acolleu durante estes anos, desexarvos moita sorte no vieiro novo que agora se abre para vós.

PARABÉNS A TOD@S !!



Concello de Leiro



Terras de auga, pedra e viño

A Elección acertada:

AUTOS GONZÁLEZ



Microbuses e Autobuses
en Alquiler

Modelos Clásicos



Coches de Luxo
Modernos

www.autosgonzalez.es

OURENSE: C/ Coruña, 9 • C.P. 32005 • Tel. 988 22 30 36 • Fax 988 24 80 51 • At. ó Cliente: 609 57 20 57
VIGO: C/ Arenal, 60, 1º A • C.P. 36201 • Tel. 986 44 12 22 • Fax 986 22 20 11 • At. ó Cliente: 620 77 75 77
VIAXES COMPOSTELA: C/ Concordia, 13 • C.P. 32003 • Tel. 988 21 30 43 • Fax 988 21 32 41



AUTOS GONZÁLEZ,
ten como obxectivo estar
sempre a altura
das **necesidades**
dos seus **clientes**;
realizamos transporte
regular, discrecional
e aluguer de turismos
de luxo con condutor.

Contamos cunha extensa
flota de **autobuses** e
microbuses e unha ampla
gama de **vehículos**
clásicos e de luxo.

Pídenos orzamento sen
compromiso. A nosa dilatada
experiencia garantirache o
mellor servizo.

*e Para
as tuas Viaxes*

**VIAXES
COMPOSTELA, S.A.**

AUTOS GONZÁLEZ, S.L.



**VIAXES
COMPOSTELA, S.A.**

www.viajescompostela.com

Info: 988 21 30 43

Calle Concordia, 13 - Ourense

**REGALO ESPECIAL
PARA LOS NOVIOS**
Consúltanos

Organizamos tu Viaje de Novios:

- Luna de Miel


- Transporte Novios

- Transporte Invitados



Y además las vacaciones te pueden salir GRATIS

Para reservas hasta el 18 de diciembre de 2013. Consulte las bases en avasa.com



Agencia del grupo:
Autos González, S.L.



www.autosgonzalez.es

Tu clásica Agencia de Viajes y ahora también en **Internet:**
visita, www.viajescompostela.com y podrás realizar **online** todas tus reservas

IES O Ribeiro



Curso 2018 - 2019

Ciclo Superior de Vitivinicultura

CM Aceites de oliva e viños

CM Electromecánica de vehículos

Formación Profesional Básica (FPB)

Educación Secundaria Obligatoria

BACHARELATOS de Ciencias,

Humanidades e Ciencias Sociais

Educación Secundaria para persoas Adultas

Sección da Escola Oficial de Idiomas